



CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NÁUTICAS - AGANPLUS PARA A IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XERACIÓN E ACUMULACIÓN DE ENERXÍA NOS EQUIPAMENTOS PARA O CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA NO TRAMO NÁUTICO ENTRE CAMINHA E A GUARDA (CAMPOSANCOS).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

E pola outra, Manuel Soliño Bermúdez, en calidade de Presidente da Asociación Galega de Actividades Náuticas – en adiante AGANPLUS, con CIF G36356160, con domicilio fiscal en CTRA CIRCUNVALACION num. 61 baixo Bloque 7 Portal A 36960 Sanxenxo (Pontevedra) e domicilio a efectos de notificacións en Rúa Rosalía de Castro 56, Baixo, (Edificio Palmira), 15895, O Milladoiro, Ames (A Coruña), debidamente autorizado para subscribir o presente convenio pola Xunta Directiva.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade suficiente para o asinamento deste convenio, e interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos





sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que AGANPLUS é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en decembro de 1999 como primeira agrupación das empresas de actividades náuticas de Galicia e co ámbito de actuación de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os seus fins son os da promoción da cultura náutica, promover a desestacionalización da oferta e o crecemento e emprego no ecosistema turístico-náutico, o desenvolvemento do valor da conservación dos espazos naturais, a promoción do acceso ás actividades náuticas para todos os cidadáns, a promoción e acreditación das certificacións de calidade no sector náutico, poñer en funcionamento, promocionar e apoiar a comercialización de produtos de turismo náutico ofrecidos por empresas/profesionais ou territorios baixo uns estándares, converter ós municipios en destinos náuticos de calidade mediante unha estratexia de tematización, e a formación en temas relacionados co mar, a pesca e o medio ambiente mariño.

Así mesmo, AGANPLUS, é o principal colaborador coa Xunta de Galicia, no desenvolvemento da marca de calidade europea náutica NEA (Nautismo no Espazo Atlántico) aplicada aos Cruceiros Costeiros, actuando como coordinador deste proxecto dende 2016 con Portos de Galicia e a Axencia Turismo de Galicia.

Por outro lado AGANPLUS é a única asociación náutica de Galicia que ten participado en proxectos europeos dende o 2003 coas principais rexións náuticas europeas atlánticas, sendo a única entidade privada náutica de referencia en Galicia, que pode desenvolver e certificar a carta de calidade náutica NEA (Náutica no Espazo Atlántico).

Ademais, a AGANPLUS é a única entidade de Galicia no ámbito da náutica galega que participa e foi seleccionada como xefe de fila e beneficiario nun proxecto do programa Interreg Galicia-Norte de Portugal, o denominado 217_ECDESTIN_3IN, que a Axencia Turismo de Galicia considerou de interese mediante a sinatura da carta de apoio e o seu cofinanciamento a través dun convenio firmado en 2018 e con vixencia ata 2020.

Que AGANPLUS ademais é a única entidade náutica privada de Galicia que foi seleccionada para representar ao sector náutico de Galicia no proxecto CAPITEN pertencente a iniciativa comunitaria Interreg Espazo Atlántico, que é o principal proxecto náutico aprobado para as rexións do Atlántico europeo, sendo ademais a entidade seleccionada para coordinar a área de Cabotaxes Atlánticos (Paquete de traballo 7) para todos as 18 entidades, principalmente administracións rexionais, dos 5 países participantes.





Nos citados proxectos AGANPLUS levou a cabo varias actividades para o desenvolvemento da náutica no Destino Náutico Río Miño tanto na provincia de Pontevedra coma en Ourense, tendo amplo coñecemento das circunstancias de navegación do entorno do río Miño e contacto cos territorios transfronteirizos a través da CIM Alto Minho e as súas cámaras municipais.

Axencia de Turismo de Galicia iniciou unhas primeiras actuacións en equipamentos e infraestruturas básicas a través da sinatura o pasado 12/5/2022 dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Actividades Náuticas - AGANPLUS que é a que se encargará da xestión e mantemento do servizo náutico e terrestre. As inversións que inclúen este convenio son:

1. Adquisición dunha embarcación para levar persoas (12) e bicicletas cun calado reducido que opere todo o ano para o traslado de peregrinos e persoas entre Caminha e A Garda e viceversa. Esta embarcación contará con:
 - a. Motorización eléctrica básica: 2 motores eléctricos e dúas baterías.
 - b. Soporte para futura instalación fotovoltaica
 - c. Espazo para futuras baterías para incremento de autonomía 100% eléctrica.

2. Adquisición de 2 espazos tipo "container" para o acceso dos peregrinos e outros usuarios a equipamentos básicos de mobilidade a través dun sistema desasistido. Esta estación inclúe:
 - a. Dous containers con espazos independentes tipo consigna onde estarán dispoñibles os equipamentos de mobilidade.
 - b. Espazo superior dispoñible para soporte de instalación fotovoltaica
 - c. Equipos básicos de mobilidade: 2 bicicletas eléctricas e 2 patinetes.

Terceiro.- Que o presente convenio implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto e concorrencia de razóns de interese público, social, económico e medioambiental como son a dotar o tramo náutico-terrestre entre Caminha e A Guarda do Camiño Portugués da Costa de equipamentos de xeración e acumulación de enerxía tanto na embarcación que presta o servizo náutico como na estación de mobilidade terrestre (Camposancos-A Guarda) que son básicos para a prestación dun servizo habitual e sostible medioambientalmente, razóns polas cales ambas institucións consideran conveniente asinar este convenio.

Deste xeito concorren así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrencia pública ao ser a entidade beneficiaria á única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada.

Por todo isto, dada a converxencia de ámbitos de actuación, o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins comúns, e para unha maior eficacia na execución das actuacións, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre o INEGA e AGANPLUS, para complementar as actuacións realizadas pola Axencia de Turismo de Galicia, para a mellora e viabilidade do servizo no tramo náutico-terrestre do Camiño Portugués da Costa, consistentes no seguinte:

Mellora eficiencia enerxética na embarcación de 9,950 metros eslora por 3,606 metros de manga:

Características	Dato	Observacións
Batería de litio 48 voltios 8.640 W	1	Adquisición de batería que permita a acumulación de enerxía procedente dos paneis fotovoltaicos
Calculo e dimensión de controladores de batería e a súa instalación (BMS), Sistema de protección de batería, sistema de control e lectura de carga de batería	1	Situaranse na consola de mandos do patrón para que sexa accesible información permanentemente.
Paneis solares	14	Paneis solares localizados na parte superior da embarcación e a súa instalación e conexión coas baterías e cos motores eléctricos.
Instalación de baterías e paneis solares na embarcación	1	Adaptación da embarcación, Instalación e interconexión de baterías e dos paneis. Inclúe as memorias estudos, informes precisos para autorizar a instalación.
Outros equipamentos	1	Inversores e outros elementos de regulación da potencia

Mellora eficiencia en estación de mobilidade e en punto de carga de embarcación no porto de Camposancos:

Características	Dato	Observacións
Paneis solares	8	Paneis solares localizados na parte superior da estación de mobilidade
Instalación de conexión	1	Instalación e conexión coa rede interna no porto de Camposancos e coa rede exterior.

SEGUNDA. ORZAMENTO e FINANCIACIÓN

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) IVE engadido, equivalente ao





100 % do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 06.A3.733A.781.7 do seu orzamento de gastos para o ano 2022, segundo o cadro seguinte:

Concepto	Cantidade	Importe	Base imponible	IVE	TOTAL
Batería de litio 48 voltios 8.640 W	1	6.000,00 €	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
Calculo e dimensión de controladores de batería e a súa instalación (BMS), Sistema de protección de batería, sistema de control e lectura de carga de batería	1	2.338,00 €	2.338,00 €	490,98 €	2.828,98 €
Instalación baterías na embarcación	1	2.479,34 €	2.479,34 €	520,66 €	3.000,00 €
Adaptación embarcación: soportes en proa e popa para colocación de paneis solares	1	4.132,23 €	4.132,23 €	867,77 €	5.000,00 €
Paneis solares para embarcación 170 W cada panel	14	225,00 €	3.150,00 €	661,50 €	3.811,50 €
Instalación paneis solares na embarcación	1	3.000,00 €	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
Outros equipamentos necesarios para instalación na embarcación: Cargador, reguladores de carga solar, caixas de strim (fusibles, machete de corte corrente, etc)	1	8.918,50 €	8.918,50 €	1.872,89 €	10.791,39 €
Paneis solares para estación de mobilidade 455 W cada panel	8	209,00 €	1.672,00 €	351,12 €	2.023,12 €
Adaptación de estación de mobilidade para colocación de paneis	1	400,00 €	400,00 €	84,00 €	484,00 €
Instalación de paneis solares na estación de mobilidade e permisos (Boletíns e alta..)	1	2.499,99 €	2.499,99 €	525,00 €	3.024,99 €
Outros equipamentos necesarios para instalación en estación de mobilidade: Conectores, cablería, inversor, fronius, etc.)	1	2.600,00 €	2.600,00 €	546,00 €	3.146,00 €
TOTAL					45.000,00 €

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O importe correspondente ó IVE so poderá ser imputado ó convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

CUARTA. COMPROMISOS DE AGANPLUS

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.





- Incluir en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Comunicar o Inega a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar o Inega, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Todas as demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

QUINTA. COMPROMISOS DO INEGA

Participar no financiamento das actuacións, cunha achega máxima de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €), equivalente ao 100% do investimento previsto, con cargo á aplicación orzamentaria 06.A3.733A.781.7, a executar no exercicio 2022.

SEXTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Inega e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.





SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custo da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DOS FONDOS, PAGAMENTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.





f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca do Xacobeo 2021-22.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá presentar os certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

II. A contribución do Inega minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente do Inega, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento





de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

V. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionables os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta. Así mesmo, os gastos derivados da constitución da garantía bancaria tamén serán subvencionables.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. O Inega resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordos co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o **15 de agosto de 2022**.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2022.

NOVENA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, AGANPLUS deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

Os pagos anticipados e a conta deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o





Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

Non obstante, segundo o disposto no artigo 65.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, AGANPLUS queda exonerada da constitución de garantía nos pagamentos anticipados e a conta, cando a súa contía acumulada non supere os 18.000€.

DÉCIMA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, AGANPLUS deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na súa aplicación, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección do Inega.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.





DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

- Serán causas de resolución deste convenio:
- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección do Inega, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, o Inega publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.





Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO SEXTA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

DÉCIMO OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se poidan imputar a el actuacións acordadas co seu obxecto efectuadas desde o 15.08.2022.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento no lugar arriba indicado.

O Director do Inega,

O Presidente de AGANPLUS

Pablo Fernández Vila

Manuel Soliño Bermúdez

Por Resolución do 10/03/2017 de
delegación de competencias da
Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

